



# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 7 | Edición nº 76 | Abril de 2024 | PRECIO 2 EUROS

**As Alfombras do Corpus, candidatas a Patrimonio Inmaterial da UNESCO**

Páxina 5

**Covelo e A Cañiza abordan a Axenda 2030 no eido local**

Páxina 6

**"Terra e Auga", a nova marca do GDR Condado-Paradanta**

Páxina 7

**AporM: "o futuro económico do Concello está hipotecado"**

Páxina 8

**Reapertura da Praza de Abastos do Porriño**

Páxina 13

**A Xunta adxudica en Mos 3.400m2 de solo empresarial**

Páxina 14

**Salceda mellorará o campo de fútbol de Penedo Redondo**

Páxina 15

## Entrevistas



Lorena Durán Quesado | Propietaria de A Cantaruxa Maruxa (Mondariz)



Dolores Rodríguez Araujo | Propietaria do Hostal O Cendal (As Neves)



Jana Kadlecova Calfova | Emprendedora turística



Inma Comesaña | Emprendedora rural

## Mulleres emprendedoras no Condado-Paradanta

Páxinas 9 a 12

## A Deputación investirá 1,5M€ ata 2027 no Castelo do Sobroso

Páxina 4



**Siempre cerca de ti**

HASTA **50%** DE DESCUENTO

**pikolin** LOS Nº 1 sin voltio de distribución eléctrica en nuestro país

**BOINSCON CENTER**

euronics Concha Brey, 4 PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52

## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## Novas a ter en conta (II)

Nas miñas reflexións do pasado mes de marzo facía referencia a un par de cousas soamente porque o espazo da para o que da.

Nesta ocasión quero insistir na miña teima en animar a todos aqueles que se tomen a molestia de ler estas elucubracións miñas e tenten poñerse máis ao día. Pero cando digo poñerse ao día quero dicir informarse do que realmente pasa, non do que pretenden que creamos que está pasando.

Non é o mesmo saber que as cousas andan revoltas que averiguar quen as resolve para, desa maneira, ordenalas un chisco. Sabemos o que queren que saibamos; nin máis nin menos. Por esta razón temos a obriga de ir un punto máis aló e averiguar que hai detrás desa pantalla, desa folia de xornal ou dese libro. Cecaís o que descubramos non resulte tan agradable como tiñamos pensado.

Sei que non é doado poñer enriba da mesa o que realmente ocorre para diseccionalo, examinalo, con detemento e comprobar se o que nos ofrecen como alimento informativo non está precociñado, preparado para que a nosa sede informativa sexa satisfeita e se conforme con iso que nos ofrecen; que non teña gañas, ilusión de coñecer máis, de ir máis aló, de ser críticos como son os nenos/as cando lles agasallamos con algo e pretenden coñecerlle as tripas desmontando calquera tipo de aparatos que chegan as súas mans. Eles/as están ávidos de saber que hai dentro dese coche, dese moneca, dese aparatexo que lle agasallamos. É a súa natural fame por coñecer, por saber.

Sen embargo nós cremos que non merece a pena entrar en detalles. Estamos tranquilos nos nosos sofás, cos noso aparatos electrónicos tan sofisticados que xa non nos atrevemos a desconfiar deles. Parécennos tan ben feitos, tan complicados que damos a batalla por perdida.

Ese é, precisamente, o noso fallo, o noso punto débil, o que esperan de nós.

Levo anos insistindo en que a información que nos chega está, en xeral, manipulada, teledirixida, contaminada. Afirmo con moita frecuencia que os medios de comunicación, en xeral, son tóxicos; están conformados de tal maneira que nós somos, sen darnos conta, aquilo que mentes poderosísimas queren que sexamos, que creamos. Somos coma monecos na corda. Lévannos por onde queren levarnos. O malo



de todo isto é que nos resulta moi difícil saír deste círculo vicioso. Apenas nos deixan ocos polos que poder saír, escapar.

Por outra banda, nós tampouco facemos gran cousa por conseguilo. Estamos cómodos; pensamos que a información a que acedemos é a correcta e non queremos meternos en máis leas. Que o fagan os políticos, que o fagan os incorformistas, eses que non están de acordo con nada. Nós queremos vivir tranquilos, tomarnos unha caña mentres lemos as noticias e pouco máis. Logo, cando chegue ese momento de ter que elixir aos nosos gobernantes, xa virán a dicirnos que facer; xa nos mandarán folletos, nos ofrecerán os seus discursos e así decidimos que papeleta meter na urna convencidos en que o facemos libremente.

Por outra banda tampouco temos a oportunidade de acceder a outras fontes que nos sexan as gratuítas, as que nos poñen diante nunha barra dun bar ou na sá de espera dunha clínica médica.

As redes sociais, con todo tipo de información, entraron nas nosas vidas e non sabemos como desfacernos das súas influencias aínda que quixéramos facelo que, por outra banda, tampouco estamos moi preocupados.

Vivir sen un telefono móbil na man é síntoma de atraso social. Non saber manexar todas esas ferramentas que poñen ao noso dispor é confesar que somos uns anticuados, atrasados, que non estamos ao día.

Esa é a nai do año (la madre del cordero, que diría un castelán falante) As mentes lúcidas que dominan o mundo coñecen esas nosas debilidades. Cando poñen en marcha un novo invento para contro-

larnos e seguir dominando o mundo son coñecedores absolutos das nosas debilidades. Polo tanto non teñen máis que buscar a maneira atractiva de convencernos para que tomemos as pastillas que van preparando para nós, igual que o médico ou familiar fai coa persoa enferma que debe medirse.

Pero, logo, non hai nada que facer? Temos que camiñar dereitiños ao matadeiro que alguén, non sabemos onde, ten proxectado para diseccionar o noso corpo mental e poñelo ao seu servizo? Bueno, non debemos ser catastrofistas pero sendo realistas debemos aceptar que nos deixan pouca marxe. Marxe a que soamente pode agarrarse aquel/la que de verdade queira romper os cordas as que o teñen atado/a.

Hai saídas pero esixen un forte compromiso para non desfallecer. Esixen unha caída coma as de Saulo camiño dunha nova vida mental sá e non contaminada. Temos que ser conscientes da necesidade de saír desa zona de comodidade na que estamos instalados. Temos que saber a conciencia que o que vemos, escoitamos e lemos na maioría dos casos debemos poñelo en solfa, debemos desconfiar de entrada ata comprobar se as cousas son así realmente ou se alguén ten intereses espúreos para que nós traguemos esas pículas que nos poñen nas mans con tanta facilidade. En definitiva, ser desconfiados, pero de todos; non só dos que entendemos poden ter interese en levarnos ao seu rego, tamén dos que aparentemente serían "dos nosos", como se di vulgarmente. Aí tamén debemos estar en guardia.

Que facer, logo? Pois moi sencillo. Estar dispostos a invertir recursos económicos na nosa saúde mental; no noso mundo do coñecemento; en dotarnos de ferramentas mentais para poder elixir con total liberdade e total coñecemento o que realmente queremos, non o que outros queren que queiramos. Non resulta difícil. Sei que tampouco é moi doado pola falta de costume e porque somos educados para ser dóciles, para non molestar con preguntas inconvenientes. Pero se desexamos dispor de ferramentas fortes e axeitadas a nosa forma de vida temos que esforzarnos e facernos rebeldes, sublevarnos en todo o sentido do termo.

Logo non hai medios de comunicación fiables? Poucos, pero algúns si existen. O problema está en que quedan fora dese circuíto habitual e cómodo no que estamos

acostumbrados a movernos. Son medios, na súa maioría, dixitais, que non dependen dunha empresa hidroeléctrica ou do mundo do cemento, ou de varios bancos. Porque os medios que teñen por donos o gran capital xa sabemos que pretenden, que buscan. Non é que sexan bos nin malos; son coherentes coa finalidade para a que foron postos nas nosas mans. Están ao servizo dos seus amos. Como dirían os latinos traballan "pro domo sua".

Os outros, os alternativos, son froito do esforzo individual de moitos miles de cidadáns que, coma no meu caso, están dispostos a dedicar parte dos seus ingresos en soste medios de comunicación non facilmente manipulables, nin polo Poder político nin polo Poder económico.

Logo este medios non se equivocan nunca? Si, poden equivocarse, pero non para servir ao seu señor senón porque teñan accedido a fontes pouco fiables que tentaron meterlle gato por lebre. Claro que esas cousas poden ocorrer no mundo da información pero non será froito dun plan preconcebido como ocorre nos medios do Gran Capital. O que non fan é ofrecernos unha información manipulada, dirixida para que beneficie aos que mandan, aos que pretenden seguir controlando o Poder político ou Económico.

Se queren saber máis, só teñen que entrar en internet e preguntar, por exemplo: "quen son os propietarios da empresa que edita tal ou cual xornal, emisora de radio, canle de televisión" "De onde proceden os medios económicos que sosteñen esas fontes informativas? Quen está detrás? Quen conforma a Xunta de Accionistas de tal ou cal medio?"

Cando accedan a esa información poderán comprobar, sen demasiado traballo, que o que realmente e diariamente nos ofrecen vai na mesma dirección: a defensa dos seus privilexios, do seu modo de vida que nada ten que ver co que nós, traballadores e funcionarios, pequenos empresarios, etc. podemos disfrutar. As informacións que diariamente nos ofrecen van todas na mesma dirección: manter ese control social que xa ven dos tempos de María Castaña.

Fágano así e poden estar seguros que, a partires dese momento, comenzarán a ser un chisco máis libres, menos manipulables, menos contaminados. Terán ferramentas mentais para defenderse e non deixarse enganar con tanta facilidade.

Sexan felices e sexan atrevidos.

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Redactor Xefe:** Roberto Mansilla Blanco.

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosspanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

**PONTEAREAS**

## Un concurso de ideas para a nova Biblioteca Municipal

O Concello inicia o primeiro concurso de ideas promovido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia da historia do municipio e o proxecto que resulte gañador servirá para construír a nova biblioteca municipal. Para iso, a administración local vén de asinar un convenio de colaboración co Colexio nun acto no que participou a alcaldesa, Nava Castro, a edil de Urbanismo, Silvia Fernández, o decano do COAG, Luciano González e o presidente da delegación de Vigo, Manuel Martínez.



A nova biblioteca situarase preto do Conservatorio Municipal, onde se atopan as instalacións da UNED polo que, xunto ao museo, constituirán un roteiro cultural e educativo para diferentes actividades formativas ou de difusión do legado artístico e his-

tórico do municipio.

O traballo que consiga o primeiro posto no concurso recibirá un premio de 10.000 euros. Aquel que acade o segundo lugar, 7.500 euros e o terceiro, 5.000 euros. Ademais, outorgaranse dous acésit de 2.500 euros de cada un

deles. Para o deseño e a construción da nova biblioteca, que se localizará na actual Praza de Abastos, o Concello destinará un total de 3.000.000 euros. Trátase dunha cifra que sitúa a esta obra como unha das grandes actuacións do goberno municipal.

## Goberno local e praceiros visitan as obras da nova praza de abastos



O Concello comproba o bo ritmo do proceso de transformación da nova Praza de Abastos, Mercatea, durante unha visita que realizou o goberno municipal xunto aos praceiros e as praceiras, e profesionais da hostalería e do comercio á antiga fábrica de Aceros del Tea. Toda vez que finalizaron as obras de consolidación estrutural do edificio, iníciase agora unha nova fase na que se licitarán os pregos da redacción do proxecto para dotar ao espazo de uso de mercado municipal.

Mercatea contará, por unha

banda, con postos de venda de produtos locais e frescos e, por outra banda, con zonas dedicadas á restauración. Deste xeito, o Concello converte a antiga fábrica de Aceros del Tea nun lugar no que se incentivará o consumo local á vez que se favorece a interacción social.

### Publicada a licitación

O Concello publicou a licitación para a redacción do proxecto de rehabilitación e transformación interior de Mercatea. As empresas teñen ata o 18 de abril para presentar as súas ofertas e a que resulte gañadora do concurso público redactará o proxecto.

## A Romaría da Picaraña xa está en marcha

O Parque Forestal da Picaraña acollerá un ano máis a tradicional romaría do 1 de maio. Organizada polas comunidades de montes de Ponteareas e Arcos, ofrece varios

postos de comida, mercado ecolóxico e de artesanía, xogos tradicionais, andainas dende as parroquias, etc.

Para recrear o ambiente de séculos pasados, algunhas per-

soas asisten vestidos de romeiros. Na carballeira das Chans se reúnen cada ano centos persoas que disfrutan do día no que non falta a música e o bo ambiente.

ZAPATERÍA  
**Ángeles Castro**  
Telf: 986 640 242  
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

*El Escondite de Montse*  
Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel: 673280118 - PONTEAREAS  
SIGUENOS EN Facebook EL ESCONDITE DE MONTSE

**U Copas**  
Cafetería  
Terraza - Xardín  
Discoteca  
Concertos  
Avda. Galicia  
Ponteareas

CONFITERÍA  
**La Marquesina** CAFE  
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf: 986 640 243  
Ponteareas

Moda - Decoración  
Complementos  
**ROMERO**  
desde 1890  
Constitución, 3 - PONTEAREAS  
986 640 008

**CRISTALERIA CONDADO** S.L.  
Derivados do Vidro  
AVDA. DE CASTELAO, 9  
38860 PONTEAREAS (Pontevedra)  
Tlf: 986 66 16 42  
crista@cristaleriacondado.com

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## A Deputación investirá 1,5M€ no Castelo do Sobroso ata 2027

Acompañado do Alcalde de Mondariz César Gil, da deputada de Turismo Rías Baixas e Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, e do Alcalde do Covelo e presidente da GDR Condado-Paradanta, Pablo Castillo, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, presentou o novo Plan Director do Parque do Castelo de Sobroso que prevé un investimento por parte do goberno provincial de 1,5 millóns de euros ata 2027 co obxectivo de enriquecer a experiencia dos visitantes, mellorar e ampliar os servizos e consolidalo como un dos grandes atractivos turísticos da provincia.

Por outra banda e a pesares



das condicións climiolóxicas, López animou a desfrutar da "experiencia 100 % Rías Baixas durante esta Semana Santa", destacando o termalismo no balneario

de Mondariz, da cultura e natureza no parque do Castelo de Sobroso ou das procesións de Semana Santa de concellos próximos como os de Baiona ou A Guarda.

## Plan de Xestión das Colonias felinas

Segundo informou a concelleira de Medio Ambiente, Silvia Fernández, o Concello elabora un estudo censal dos gatos comunitarios que se atopan no municipio co obxectivo de avanzar no proceso de elaboración do plan de xestión de colonias fe-

linas. Este plan permitirá mellorar a calidade de vida destes animais e diminuír os problemas asociados á superpoboación dos mesmos, entre outras cuestións.

Para levar a cabo este traballo, o Concello conta coa colaboración de dous entidades recoñecidas polo

seu labor a prol dos dereitos dos animais como é o caso da protectora Os Biosbardos e o colectivo Gatitude. Este labor conxunto permitirá realizar unha axeitada integración dos gatos comunitarios á realidade do municipio, contribuíndo á súa socialización e convivencia.

## O Concello xestionará a limpeza de fincas

Foi aprobada a ordenanza reguladora para a xestión e limpeza de fincas e montes co obxectivo de reforzar as tarefas de prevención dos incendios forestais no municipio. Deste xeito, axilizaranse os trámites para que as fincas que se sitúan preto de vivendas ou do solo de núcleo urbano, núcleo rural e urbanizable non contengan especies pirófitas e estean libres de restos forestais antes do 31 de maio de cada ano.

Coa nova ordenanza, que xa publicou o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a ad-

ministración local levará a cabo as tarefas de limpeza e mantemento das fincas no caso de que as persoas propietarias non realicen os traballos de xestión e acondicionamento. Toda vez que finalice o prazo legal previsto, a administración local iniciará os labores de limpeza nas fincas con medios propios ou a través da súa contratación. O Concello notificará ás persoas propietarias o custe dos traballos e procederá ao seu cobramento, que poderá ser anticipado, así como á tramitación da correspondente sanción administrativa.

## Roubo de 200 metros de cableado

O Concello denuncia o roubo de cable do alumbeado público e traballa de maneira conxunta coa Garda Civil co obxectivo de identificar ás persoas que cometen este delito. Recentemente, tivo lugar na parroquia

de Bugarín o furto de algo máis de 200 metros de cable de cobre, nun núcleo de vivendas illado, polo que a concellería de Seguridade pide a colaboración dos veciños e das veciñas para avanzar no proceso de investigación.



## PONTEAREAS

## As alfombras do Corpus, candidatas a Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO

O Ministerio de Cultura do Goberno de España, presentou a mediados de marzo, a candidatura de "A tradición da creación de alfombras florais e composicións rituais con materiais naturais" á Unesco na súa sede de París, para entrar na lista representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, que será avaliada en 2025.

É unha candidatura Internacional impulsada por varios países, Bélxica, México, Italia, Malta e España. A proposta da Xunta de Galicia as alfombras do Corpus Christi de Ponteareas, única con expediente BIC, son as que representasen a Galicia dentro desta candidatura Internacional. Trátase



dunha obra colectiva que expresa a cultura popular das xentes de Ponteareas que, ao longo de douscentos anos, souberon conservar e promover esta celebración, recoñecida como "Festa de Interese Turístico Internacional".

Desde a Asociación de Alfom-

bristas Do Corpus Christi de Ponteareas "queren agradecer á Xunta de Galicia "por elixir ás Alfombras de flores de Ponteareas como representante de Galicia nesta candidatura internacional que promove o Ministerio de Cultura do Goberno de España".

## O Corpus avanza na declaración BIC

A Xunta publica no Diario Oficial de Galicia o censo do Patrimonio Cultural no que se inclúen as alfombras florais que se elaboran na comunidade. Entre elas, atópanse os tapices que os veciños e as veciñas deseñan e confeccionan ano tras ano na vila polo que se trata dun paso máis para que a festividade acadase a declaración de Ben de Interese Cultural.

A Consellería de Cultura incoou o expediente para a declaración de Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial o Corpus Christi da vila o pasado mes de xuño ao considerar que constitúe un ritual



recoñecido pola súa función social, entre outras cuestións. No documento, a administración autonómica destacou tamén o elevado coñecemento da veciñanza sobre

a natureza e os seus elementos para confeccionar as alfombras así como as técnicas artesás que poñen en práctica tanto nos labores previos como na súa posta en práctica.

## Segunda fase do saneamento de Ribadetea

Con un orzamento de 1.300.000 euros, o Concello avanza na construción da rede de saneamento de Ribadetea que abrangue os núcleos de

O Portal de dentro, Barxela e A Barronca. O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra publica o anuncio. Esta infraestrutura conectarase coa primeira fase e as

augas conduciranse ata a EDAR de Ponteareas. Ademais, o proxecto inclúe unha nova estación de bombeo en Barxela que se sumará ás de A Freixa e Mourade.

## Cristina Fernández (BNG) repite como deputada



A concelleira do BNG en Ponteareas, Cristina Fernández Davila, tomou posesión como deputada no Parlamento Galego, no inicio da nova legislatura tras as eleccións galegas.

A deputada ponteareá asumiu "con ilusión a gran responsabili-

dade que supón este nomeamento" comprometéndose "a traballar para devolver a confianza que case 5.000 veciñas e veciños de Ponteareas depositaron no BNG". Ademais, comprometeuse a dar voz no Parlamento Galego ás necesidades da veciñanza da localidade e do conxunto da comarca.

## Coworking de emprendemento

A ordenanza reguladora do Centro de Dinamización Empresarial e Espazo Coworking entrou en vigor a partir deste 3 de abril toda vez que o Boletín Oficial da Provincia xa publicou a aprobación definitiva. Deste xeito, a partir desta data as persoas e as empresas que desexen alugar un espazo poderán presentar as solicitudes correspondentes a través da sede electrónica ou do rexistro xeral do Concello.

No caso do viveiro de empresas, poderán dispoñer dun espazo aquelas iniciativas que comencen a súa actividade económica ou de recente creación sempre e cando non excedan os 2 anos de funcionamento. Para iso, deberán cumprir unha serie de requisitos como que o domicilio social e o de actividade se estableza no termo municipal. O horario de apertura das instalacións do centro é de 24 horas durante todos os días da semana.

## ITV agrícola sen saír do municipio

Os profesionais da empresa que xestiona a Inspección Técnica de Vehículos (ITV) agrícolas des-

prazaranse ata a explanada do campo de fútbol de Pardellas os días 12, 15, 16 e 17 de abril. Xa se pode solicitar cita.

**Autoescuela  
PONTEAREAS**  
C/ Virgen de los Remedios nº 16  
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**TALLER  
SALÓN**  
Alfonso Vázquez Fraile, 5 b). PONTEAREAS  
CITA PREVIA ☎ 986 641 579  
peluqueriatallermt@gmail.com

**mifollas**  
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA  
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas  
mifollas@mundo-r.com

## CONDADO/PARADANTA

## Covelo e A Cañiza abordan a Axenda 2030 no eido local

Vinte representantes de asociacións e colectivos culturais, deportivos, medioambientais, educativos e veciñais e persoal técnico municipal participaron xunto aos alcaldes e concelleiras de Covelo e da Cañiza no obradoiro 'Todos os ODS son locais', que se imparte en sete concellos máis de Galicia facilitado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a través do proxecto europeo 'People & Planet'.

Esta actividade, dirixida a persoal político e técnico dos municipios, deputacións, mancomunidades e asociacións de todo tipo conciencia sobre a importancia que as entidades locais teñen na consecución dos ODS. Para acadalos cómpre implicar a



todos os sectores da sociedade, de aí que sexa preciso fortalecer os lazos entre os diferentes axentes e promover unha acción coordinada. Está financiado polo pro-

grama DEAR da Comisión Europea e involucra a 17 entidades de Galicia, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Cabo Verde.

## O BNG acusa de "enchufismo" a Nava Castro

O BNG iniciou unha ofensiva xudicial contra a decisión do goberno de Nava Castro de recolocar no Concello ao seu cuñado Carlos Ojea.

Os nacionalistas ponteareáns rexistraron un recurso solicitando que se proceda á anulación deste reingreso baixo acusacións de "fraude de lei e desviación de poder".

O BNG explica que "Carlos Ojea,

cunha praza de analista operador de ordenadores, fora colocado a dedo polo ex Alcalde Pepe Castro á fronte da televisión municipal nos anos 90. Tras o peche da mesma, atopábase en excedencia voluntaria, estando a praza que ocupaba amortizada dende o ano 2005. Coa chegada da súa cuñada Nava Castro ao goberno local, reincorpóranse ao Concello colo-

cándoo como traballador de medio ambiente cun informe falseado pola concelleira Silvia Fernández, que xustificaba que era moi necesario nese servizo. Seis meses despois, o concelleiro de Facenda, Francisco Jesús Repesas, recoñece por escrito que nunca estivo traballando nese posto, polo que propoñen cambiar a Ojea de posto adaptándolle as funcións".

## Infraestruturas deportivas na Cañiza e Covelo

A Deputación de Pontevedra aprobou axudas aos concellos da Cañiza, Covelo ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas por importe de máis de 106.000 euros.

A Cañiza afrontará con 45.560€ da Deputación a ampliación da

cuberta das pistas de pádel, situadas a carón do complexo municipal formado pola piscina municipal e o ximnasio. Covelo sufrirá o cambio da cuberta da grada do campo de fútbol municipal. A actual atópase degradada polo paso do tempo e o efecto da meteoroloxía, polo que se substi-

tuirá e tamén se demolerá o muro de extradorso. Procederáse á limpeza, pintado e saneado da grada e colocarse sobre ela a nova estrutura metálica, ademais de reconstruír a parte demolida do muro. Para esta actuación, a Deputación concede ao concello unha achega de 32.568€.

## "Da Túa Man" nos 36 comercios cañicenses



"Da Túa Man" é unha iniciativa na que participaron 11 Concellos da provincia de Pontevedra ao abeiro do Plan de Recuperación NextGenerationUE financiado por la Unión Europea. Na Cañiza este programa de impulso contou cun investimento de 139.954,77€, dos que o Ministerio aportou o 70%, é dicir, 80.965,57%, a Deputación asumiu o 15% do total e todo o IVE repercutido que ascendeu a 41.639,43€ e o Concello da Ca-

ñiza aportou o restante 15% con recursos propios. Un total de 17.349,77€.

O Concello fixo o reparto de 26.000 bolsas nos 36 establecementos comerciais con mensaxe e a creación dunha web exclusiva para o noso Comercio serán as dúas últimas actuacións deste programa formado por 5 bloques de actuación e 13 iniciativas que teñen por obxectivo transformar e adaptar o pequeno comercio da Cañiza ás dinámicas dixitais e ao comercio on-line.

## Silvina Rivera González chegou aos 101 anos



O Concello de Covelo a través do seu alcalde, Pablo Castillo, felicitou a Silvina Rivera González polo seu 101 cumpleaños. Nada o 16 de marzo de 1923 Silvina viviu sempre no barrio de As Covilloas lugar do Coto, na Bugariña, pa-

rruquia de Godóns ata que hai catro anos marchou vivir coa súa neta para Vigo. Agora ten catro netos e dous bisnetos e goza cada intre nos que os pode acompañar. Non rexeita un paseo pola cidade nin saír tomar cafe coa súa neta.

**mp MARPI**

Pisos Casas Solares    Ventas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11  
PONTEAREAS  
Tel.: 986 66 18 18  
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

**La Giralda**  
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

*Pasión por la Belleza*

Sgueno **719**

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas  
986 660 477 / 660 860 645  
peluquerialagiralda@hotmail.com

**ZOE**  
LENERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/ Mendizábal, 23, Ponteareas - 36807

## "Terra e Auga" será a identidade da GDR Condado-Paradanta

O Pazo de Pegullal en Salceda de Caselas foi o escenario para a presentación da nova marca corporativa do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Condado-Paradanta, enfocando a súa sinal de identidade no lema "Terra e Auga".

A nova marca ten pretensión inclusiva e de unidade para que toda a veciñanza do territorio do GDR se sinta integrada e representada neste organismo.

Os Alcaldes, Alcaldesas e re-

presentantes municipais dos 10 Concellos pertencentes ao Condado-Paradanta, sendo estes As Neves, Arbo, A Cañiza, O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salvaterra de Miño e Crecente, mais Salceda de Caselas (que aspira a ser socio deste organismo) se deron cita neste pazo para acordar unha "visión de conxunto que non sexa localista", en palabras da anfitriona, a Alcaldesa Loli Castiñeira. "Crer no noso potencial e no que somos

para poder promovelos. Porque somos viño, aceite, auga, ruta da Camelia", enfatizou a rexedora salcedense no discurso inaugural. Castiñeira adiantou no seu discurso o lema de "Terra e Auga".

No acto tamén interviron a directora de AGADER, Inés Santé, e o actual presidente da GDR, o tamén Alcalde do Covelo Pablo Castillo. Santé instou a trazar unha "estratexia proactiva" e explicou que a iniciativa da GDR "foi unha das mellores valoradas dentro do



programa LEADER" no marco do proxecto piloto de comunidades enerxéticas no rural. Pola súa banda, Castillo enfatizou na marca de "Terra e Auga" como o pilar da es-

tratexia produtiva do territorio engadindo a "nosa cultura e patrimonio". Indicou catro áreas de traballo en torno ao Agro, o Medio Ambiente, as Artes e o Turismo.

## "Master Class" no Día da Auga en Balneario

O Balneario de Mondariz celebrou o Día Mundial da Auga cunha "master class" de aquagym poñendo en valor as propiedades das súas augas de manancial e mineromedicinales.

Unha actividade dentro do programa que diariamente se desenvolve no Palacio da Auga polo técnico deportivo, Jonas Rodríguez, cunha aposta pola utilización da auga como hidrocinesiterapia que é a realización de exercicios en piscina, combinando a temperatura da auga, a forza física de inmersión,



exercicios terapéuticos e as propiedades da auga con importantes beneficios tanto a nivel preventivo

como terapéutico para patoloxías reumatolóxicas, traumatolóxicas e respiratorias.

## Curso de citricultura ecolóxica

O GDR Terra e Auga desenvolverá dende o 6 de abril ao 22 de xuño o curso teórico-práctico de Citricultura Ecolóxica para o que xa só quedan as últimas prazas. Co obxectivo de converter as terras baldías en produtivas con cultivos axeitados ás condicións medioambientais e respectando sempre o equilibrio e harmonía co medio natural o GDR organiza este curso para repartido en cinco

xornadas teóricas e prácticas.

A parte teórica desenvolverase en algún dos dez concellos do Condado, Paradanta e Salceda de Caselas tendo en conta a demanda mentres que a parte práctica realizarase na parcela piloto do GDR en Rubiós, As Neves. Esta acción enmárcase na estratexia de desenvolvemento sostible "Reverdecendo" que o GDR Terra e Auga desenvolverá nos vindeiros anos.

**Servicio integral a la construcción**  
**DERIVADOS DEL CEMENTO**  
**COVELO**  
 986 644 036  
 www.covelo.cc  
 grupoluco@covelo.cc

Asesoría Técnica Agrícola  
**AGROITIS**  
 Telfs.:  
 Oficina: 986 642 507  
 Pancho: 616 940 394  
 Cristina: 679 959 797  
 Avda. Ciclista  
 Delio Rodríguez nº4 baixo  
 36860 Pontearreas  
 agrovtis@agrovtis.es  
 www.agrovtis.es

**viveiros canedo**  
**CENTRO DE XARDINERÍA**  
 Rúa Real, s/n - N-120  
 Km. 645,5  
 Pontearreas - Pontevedra  
 Telf. 986 669 960  
 info@viveiroscanedo.com  
 www.viveiroscanedo.com

**SEVERO**  
**VINOS COMIDAS**  
 desde 1956  
 Morales Hidalgo N° 3 PONTEAREAS  
 986 64 01 43 - 645 862 380

**ELECTRICIDAD**  
**BOUZA**  
 ALFONSO Y DANIEL, S.L.  
 ILUMINACIÓN  
 Instalaciones en general  
 Reparaciones  
 Instalación de sonido  
 y telefonía interior  
 bouza@electricidadbouza.com  
 Rosalía de Castro, 7  
 Telf. y fax: 986 641 565  
 PONTEAREAS

By **Barriguiñas**  
 Especialista en  
 Ceremonia infantil, arras,  
 comunión e bautizo  
 627053847  
 María Garrido Carballido  
 Rúa Casteñal 14, local 4. PONTEAREAS

## CONDADO/PARADANTA

## AporM: "o futuro económico do Concello está hipotecado"

O grupo de goberno de Alternativa por Mondariz (AporM) fixo balance da situación económica do Concello herdada da anterior lexislatura do BNG, cualificada por eles mesmos como "complexa", tal e como recoñeceron durante o pleno realizado o pasado 21 de marzo. Así, AporM considera que "Mondariz ve hipotecado o seu futuro, obrigando e restrinxindo a labor política municipal á redución prioritaria da débeda pública".

Segundo AporM, "a realidade é que o Concello de Mondariz presentaba, a día 20 de marzo de 2024, un débito total de 1.421.645,49€". Exclúense 334.426,43 € de gastos de inversión por corresponderen a un proxecto subvencionado, o que supón unha débeda efectiva de 1.087.219,06 € relativa a gastos

de inversión non correspondentes a subvencións a asumir con fondos propios do Concello; gastos correntes ou de mantemento. Critica AporM que o BNG, lonxe de asumir a súa responsabilidade, opta por atacarlles alegando unha presunta falta de xestión.

Consideraron igualmente que, nos últimos catro anos, incrementáronse os gastos sen control do Concello, pasando de facer recoñecementos extraxudiciais por importes de 400 mil euros a chegar ata os 800 mil no último ano 2023; maila empregar o remanente de tesourería para o pagamento de gasto corrente nun contexto de suspensión das regras fiscais a raíz da pandemia, medida extraordinaria da que xa non se dispón hoxe en día e que, aínda así, non podería empregarse debido ó valor negativo do saldo de tesourería

xerado en 2023 (-493.462,33 €).

Para afrontar estes datos, AporM xestiona no primeiro Recoñecemento Extraxudicial de Créditos do 2024 unha serie de facturas seleccionadas en réxime sistémico atendendo ós seguintes criterios: 1. Orde de antigüidade das facturas anteriores a 2023. 2. Facturas procedentes de autónomos ou pequenas empresas. 3. Facturas vinculadas a sectores estratéxicos para evitar o corte de subministración. Este trámite significa o pagamento dun total de 310.826,03 €, logrando así a redución da débeda efectiva nun 29% neste primeiro trimestre do ano. Tamén anunciou medidas destinadas á elaboración dun orzamento realista buscando outras fontes de financiamento, consultando á Deputación de Pontevedra a fin de aprobar unha liña de anticipos.

## Mondariz presentou o coche de Rally Lortsport

Os veciños Lorenzo Rivera e Alberto Muíños presentaron o seu coche de rally Lortsport co que afrontarán esta nova tempada de competicións. Trátase dun Peugeot 206 da agrupación 4 e con 1600ccc que competirá dentro do Volante FGA. Adiantan que tamén contarán cun piloto de experiencia para competir.



## En regra os pagos e documentación dos postos ambulantes



Alcaldesa en funcións de Mondariz Elena Naveira informou que o goberno municipal pon ao día a meirande parte da documentación e pagos das taxas por venda ambulante na feira dos domingos, co obxectivo de facer cumprir a ordeanza reguladora. O primeiro paso foi facer cumprir cos pa-

gamentos obrigados ao detectar o goberno unha débeda de 6.967€ de impagos dende o ano 2020. O concelleiro de Medio Ambiente, Tino Menéndez, e a concelleira de Comercio, M.<sup>a</sup> José Álvarez mantiveron un encontro coas e cos vendedores ambulantes para avaliar necesidades e estudar melloras.

## Mondariz terá pediatra a partir de abril

A concelleira de Servizos Sociais, María José Álvarez informou que a partir do 1 de abril se incorpora a titular do servizo de pediatría ao centro de saúde local. Estará no centro de saúde nas mañás dos luns, martes,



xoves e venres. "A súa chegada evitará moitos desprazamentos ás urxencias do hospital Álvaro Cunqueiro, ao que eran derivadas as familias en todos estes meses nos que non había pediatra no noso centro de saúde" indicou Álvarez.

**Pauta MOTOR**  
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15  
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**  
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO  
DROGUERIA  
FERRETERIA  
JARDINERIA  
BEBIDAS  
SULFATOS  
INSECTICIDAS  
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Alona**

COMERCUCES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 | 649 449 459

**Carlos PELUQUERO**

Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

**Yago's**

english pub

Mondariz - Balneario

Café **Chocolat**

Mondariz Balneario



## Lorena Durán Quesado | Propietaria de A Cantaruxa Maruxa (Mondariz)

# "A Cantaruxa Maruxa é un proxecto pioneiro e moderno de turismo rural"

Natural de Vilasobroso (Mondariz), Lorena Durán Quesado é bióloga de formación e profesión, con once anos de experiencia no mundo farmacéutico e como visitadora médica.

Desde 2014 decidiu dar un xiro copernicano a súa vida persoal e profesional abrindo A Cantaruxa Maruxa, un proxecto familiar pioneiro como hotel rural.

**A GDR Condado Paradanta vén de recoñecer o teu labor en materia de emprendemento rural con A Cantaruxa Maruxa. Qué nos podes comentar deste proxecto?**

Esta era a casa dos meus avós maternos. A idea xurdiu en 2012 tras unha experiencia nun hotel rural co meu esposo e amigos. Comezamos entón a perfilar o noso proxecto de hotel rural dando paso aos trámites pertinentes. En 2013 comezamos a obra e abrimos un ano despois, en agosto

de 2014. Desde 2017 temos o Certificado SICTED.

**Por qué o nome de A Cantaruxa Maruxa?**

Queríamos un nome atípico, un nome galego diferenciador. Gustounos este nome porque tamén é sonoro e notamos que era atractivo e que chamaba a atención. Hai xente que nos din que, cando pasan por aquí, se paran a mirar o nome e o local.

**Cóntanos un pouco como é o hotel rural por dentro?**

Funciona como un mini-hotel.

Consta de cinco habitacións, catro delas dobres e unha suite máis grande con bañera de hidromasaxe, servizos de limpeza, etc. As nosas tarifas inclúen almorzo (desayuno) e cea con reserva previa para os que están aquí alonxados.

**En canto á procedencia dos clientes, son máis de carácter local ou doutras partes de Galicia e España?**

Depende da época do ano. En tempada alta como verán ou Semana Santa veñen de toda España, sobre todo polas vagas de calor, especialmente de Andalucía, Levante, Cataluña e Madrid. En inverno traballamos máis con xente de Galicia, principalmente de Vigo e A Coruña. Temos moitos clientes que repiten ano tras ano, e tamén xente que se aloxa por traballo durante a semana. Facemos tamén o Outono Gastronómico.

**En que consiste esta iniciativa?**

É unha oferta promovida por Turismo de Galicia na que as casas rurais adheridas propoñen un menú de outono con produtos típicos da época e con denominación de orixe, incluíndo aloxa-



mento, almorzo e cea a un precio reducido.

**Tomando en conta a experiencia que xa tes no terreo, qué potencialidades en turismo rural ves a Ponteareas e o Condado Paradanta? Cres que é unha zona suficientemente coñecida?**

Ten moito potencial pero é pouco coñecido.

**Qué iniciativas cres que precisa a zona para a súa promoción turística?**

Depende tamén do apoio de arriba, a nivel institucional. Precísase investir diñeiro, así como en publicidade. A traves das nosas redes sociais promovemos tamén os lugares máis atractivos para visitar. Os Concellos da zona están comenzando a preocuparse e atender as necesidades do turismo pero aínda fai falla moito camiño por percorrer.

**Con máis dunha década con este proxecto, tes outras iniciativas en mente?**

Desde 2023 estamos xestionando unha vivenda de uso turístico en Vilasobroso que se chama Villa San Martín.

**O recoñecemento da GDR estivo igualmente focalizado en torno ao Día Internacional da Muller. Coñeces outros casos similares de emprendemento feminino en casas rurais na zona?**

Cando comezamos existía algunha casa rural pero era baixo outro concepto. Polo tanto nós fomos na zona os pioneiros en canto a alonxamento moderno, cun concepto diferente do que é o turismo rural, menos rústico e tradicional. Nós lle dimos unha volta a ese concepto e agora notamos que hai máis casas rurais. Outro aspecto relevante que nos fai singulares e diferentes ten que ver con que todo o facemos nós, o meu marido mais eu, e con produtos nosos, tales como as mermeladas, repostería, iogures, con laranxas e fresas da nosa horta.



## Covelo abre o prazo para solicitar composteiros

O Concello de Covelo, dentro do Programa de compostaxe doméstica da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), abriu o prazo para

solicitar 25 composteiros, un manual de compostaxe doméstica e un pequeno curso de formación dunha hora de duración para procurar o maior éxito na implantación da

experiencia composteira.

A cidadanía interesada en participar nesta iniciativa debe residir en vivendas unifamiliares que dispoñan de horta ou xardín, estar empadroados, non ter participado nos programas anteriores e solicitar a participación nas oficinas do Concello

ata o 15 de abril. O día 19 de Abril ás 18:30 h. impartirase, no edificio de usos múltiples de Covelo, o curso de formación para a correcta técnica de compostaxe e entregaránse os 25 composteiros previstos ás persoas solicitantes.

CONFITERIA

# Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

# LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,  
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## Dolores Rodríguez Araujo | Propietaria do Hostal O Cendal (As Neves)

## "Sempre fun unha muller que lle gustaron as inversións"

Natural das Neves, Dolores Rodríguez é desde 2019 propietaria do Hostal O Cendal, que xestiona xunto ao seu fillo. Emprendedora e con experiencia na hostalería e no mundo administrativo, "Loli", como cariñosamente é coñecida, asegura que quere consolidar este proxecto de carácter familiar e darlle continuidade a través do seu fillo.

**Estás entre as persoas recoñecidas pola GDR Condado Paradanta en materia de emprendemento rural. Hoxe levas adiante o Hostal Cendal nas Neves. Que nos podes comentar deste proxecto?**

Sempre fun unha muller que lle gustaron as inversións. Traballei

moitos anos na hostalería aquí nas Neves; tamén estiven un tempo traballando de administrativa en Madrid. Antes de emprender con este negocio eu xa tiña un bar en aluguer con selado de lotaría. Ao meu fillo, actualmente de 27 anos, comenteille se quería seguir co bar e aceptou. Así foi

como comezamos este proxecto. Compramos un baixo cunha casa para facer o bar. En 2019 comezamos esta proxecto pero logo veu a pandemia que obrigounos a abrir en 2022.

**Cóntanos cómo é o Hostal O Cendal?**

No bar temos cafetería e tapas; no que ten que ver co aloxamento temos sete habitacións con tódalas comodidades (baño, ar acondicionado, servizos) Eu só ofrezco o aloxamento; despois deixo á vontade de cada cliente. No caso dos produtos que utilizamos, moitos deles son da miña horta como tomates, laranxas, limóns, aguacates, cebolas.

**Cal é a procedencia dos teus clientes?**

Temos de todo; estamos ao lado de Portugal e veñen de alí moitos clientes aínda que a maior



parte da nosa clientela é local. Logo tamén veñen de Madrid, Barcelona, Tarragona, Alacante, etc. En 2023 veu moita xente do Sur de España, principalmente buscando un clima máis refrescante.

**Que potencialidades en turismo rural ves nas Neves e no Condado Paradanta? Cres que é unha zona o suficientemente coñecida? Caso contrario, que cres necesita para a súa promoción?**

Creo que é coñecida pero non o suficiente. Ás Neves fáltalle en gran parte vivenda, porque se non hai vivenda obviamente non habrá xente e tampouco moita actividade comercial. Tendo en conta o potencial vitivinícola da

zona tiven algúns contactos con empresarios dese sector.

**Este recoñecemento realza o protagonismo emprendedor das mulleres no mundo rural. Coñeces casos similares que deberían ser igualmente tomados en conta?**

Para emprender un negocio como o meu hai que ter ganas. Eu son unha muller que quedou viúva aos 29 anos; considero que fixen un proxecto ambicioso.

**Tes outras iniciativas ou proxectos en mente?**

Non. Podería facer moitos pero agora mesmo teño 56 anos e o que pretendo é consolidar este proxecto e, de ser posible, deixallo ao meu fillo para que o siga levando adiante.

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13,  
Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com



Tu aseguradora de confianza en Porriño

**TEMPOS**  
CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 - 1º - PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

ASESORÍA DE EMPRESAS

**ASE FISLA**  
SALCEDA S.L.

e-mail: paulo@asefisla.com

**NL**

**Hnos. Núñez Lorenzo, S.L.**  
CORREDURIA DE SEGUROS

e-mail: carlos@hnos-nunez.com

Praza do Concello, 14 - baixo. Telf: 986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136

**SALCEDA DE CASELAS**  
Rúa Galicia, 14 - baixo - Telf: 986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358

**SALVATERRA DE MIÑO**

## Jana Kadlecova Calfova | Emprendedora turística

## "No Condado fai falla unha marca turística propia e permanente"

Oriúnda de Eslovaquia e residente en Ponteareas desde 2009, Jana Kadlecova Calfova é propietaria da axencia de viaxes Bodega Travel; do punto de atención turístico Visit Condado;

do coworking ApartOffice e xestiona o alonxamento turístico A Coastine nesta vila do Condado. Vén de ser recoñecida pola GDR Condado Paradanta polos seus proxectos de emprendemento rural.

### Es de Eslovaquia pero gostaríanos saber cómo chegaches a Ponteareas?

Son de Bratislava, a capital eslovaca. Viñen a Galicia pola miña parella que é vigués; o coñecín en Eslovaquia porque traballaba aí. Cando quixo retornar decidimos vir ata Vigo, xa que el precisa do mar e en Eslovaquia non o hai. En Bratislava traballei de guía turística e de xornalista pero nesa época que o coñecín eu traballaba nunha entidade xaponesa responsable na rexión de Visegrad IV (conformada por Hungría, Polonia, República Checa e Eslovaquia) Tras un breve período en Vigo viñemos a Ponteareas; levo aquí desde 2009.

### Tiñas coñecemento de Galicia dende o teu país de orixe?

Non moito pero si teño que dicir que nunha ocasión houbo unha exposición no Castelo de Bratislava, non estou segura se sobre o Camiño de Santiago, pero houbo un mapa no que observei onde estaba Santiago de Compostela; dende Europa Central parecíame lonxe pero dixen que algún día podería ir ata alí.

### Ves de ser recoñecida pola GDR Condado Paradanta co certificado SICTED en materia de emprendimento rural.

Si pero son dúas cousas distintas. O certificado SICTED o teño desde 2019; sobre o recoñecemento da GDR tiña que ver

con xente emprendedora da zona e polo Día Internacional da Muller.

### Vexo que levas adiante unha axencia de viaxes, Bodegas Travel; un punto de atención turístico, Visit Condado; o coworking ApartOffice e un apartamento turístico no centro de Ponteareas. Con cal deles comenzaches? Qué nos podes comentar destes proxectos?

En 2018 comecei co alonxamento turístico. Cando cheguei aquí traballei para empresas galegas en asesoría, atención informática, vendas internacionais de perfís de aluminio, etc. Foi unha experiencia nova porque eu viña dunha capital como Bratislava onde traballaba en proxectos internacionais e aquí é un mercado máis local, o cal require unha adaptación.

Estes seis anos constituíron un cambio drástico, sobre todo a nivel de alonxamento turístico e no relativo á normativa. Por exemplo no seu momento non existía recoñecemento SICTED para apartamentos co cal eu cumpría cos requisitos dun hotel. Eu buscaba un formato tipo Hotel 4 estrelas. Nese momento había en Ponteareas dous hoteis e dous apartamentos turísticos. Hoxe en día é moi distinto porque hai moitísimos máis; sen embargo fan falla actividades para que se queden

na zona. En realidade ao turista lle importa é a comodidade e pasalo ben. Pero tamén debo dicir que eu tiña inspección no meu alonxamento turístico, cousa que non me consta con aqueles que son ilegais. E aí é onde eu vexo o problema.

### Ves potencialidades turísticas en Ponteareas e o Condado Paradanta?

Creo que aínda estamos na sombra no que respecta, por exemplo, a Vigo en caso das luces de Nadal ou da costa no caso do verán. A xente cando ven aquí non sabe exactamente que é o que se lle ofrece. Falta tamén unha liña para definir: "somos isto"; unha marca turística propia. Hai clientes que me chaman para preguntarme se Combarro está lonxe porque lle interesou por algunha referencia en redes sociais. Debes ter clara a identificación e mantela por moito tempo, con unha continuidade. Hai moitos atractivos turísticos; o problema é que se promoven un momento e non se amplían para o disfrute. Por exemplo fálase das alfombras de Ponteareas pero iso dura só unha fin de semana. Por iso na axencia ofrecemos experiencias para todo o ano, tamén vencelladas coas alfombras de Ponteareas.

### No caso de Ponteareas ou do Condado, cal é o atractivo turístico que lle 'vendes' aos teus



### clientes?

Depende das preferencias da xente. En caso de familias buscan comodidade. Sorprendeume unha vez que viñeron uns clientes de Valladolid coas súas familias e quedaron encantados coa Freixa; iso foi en pleno verán e pareceume sorprendente porque non preferiron ir pola costa como fan a maioría dos turistas. E tamén teño xente de Vigo que veñen a facer paseos polo río Uma.

En varias xuntanzas de turismo comentamos sobre a necesidade non só de facer camiños senón tamén de mantelos sistematicamente, que exista seguridade para o turista. Tamén é necesaria unha información turística permanente, non só de vez en cando; que as oficinas turísticas estén abertas non unicamente unha parte do ano. Independentemente do verán ou do inverno debemos promover o destino temporal durante todo o ano.

### No tempo que levas aquí coñeces casos similares ao teu, no só dentro do Condado senón do sur de Pontevedra ou Portugal?

Ademais da información turística tamén está a forma en cómo os turistas se quedan, o cal obrigaría a ter máis colaboración entre as entidades. Porque eu podo ofrecer alonxamento pero

non restauración, por tomar un exemplo. Así empezamos a facer sorteos entre varias empresas, que denominamos Rede Condado, sobre alonxamento, restaurantes, actividades turísticas, etc. E iso permitiu a outras persoas coñecer os atractivos desta zona, como pasou no caso duns clientes de Ourense. Unha das ensinanzas que nos deixou a COVID foi que a xente non necesita ir a Miami ou a Europa Central senón que pode descubrir a súa zona e disfrutar dos seus detalles. Ao final o importante é ter a sensación de que o pasas ben.

### Como ten sido a receptividade aos teus proxectos por parte das institucións municipais? Cres que as estratexias de promoción turística ten sido acertadas?

É difícil de responder. Entendo que cada Concello debe defender o seu propio interese. Considero que xuntar a varios Concellos é importante porque obriga positivamente a interactuar aínda que isto non garante que sempre vaías co mesmo concepto. Se non promoves durante varios anos o mesmo patrón, a xente se despista. E o trato da xente é tamén moi fundamental. En Galicia a xente é moi hospitalaria pero tamén desconfiada.

## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## Inma Comesaña | Emprendedora rural

## "A nosa idea é un proxecto de ecoturismo sostible en Crecente"

Natural de Tui, viguesa de adopción e agora asentándose coa súa familia na parroquia de San Pedro de Filgueira (Crecente), Inma Comesaña está impulsando un proxecto rural

de casiñas turísticas, así como proxecto de vida, aspecto polo que foi recoñecida recentemente pola GDR Condado Paradanta.

**Estiveches entre as persoas recoñecidas pola GDR Condado Paradanta en materia de emprendemento rural. Hoxe levas adiante este proxecto de cabañas en Crecente. Que nos podes comentar deste proxecto?**

O proxecto o levamos adiante o meu marido mais eu; tiñamos moitos anos pensando e con ganas de facelo. Coñecíamos a zona de Filgueira e encantounos un lugar concreto para levalo a cabo. O proxecto está aínda en construción e ten que estar acabado a finais deste ano. Van ser catro casiñas, tres para dúas persoas e unha para catro, integradas nun entorno de bosque autóctono, sen vivendas ao redor e a uns 200 metros do río Miño, moi perto de Cortegada, no límite entre Pontevedra e Ourense e moi ben comunicado. É un entorno natural marabi-

llo e pouco explotado; a nosa idea é un ecoturismo sostible, pouco invasivo e respectuoso co entorno e o medio ambiente. Xa temos bastante adiantadas as tres primeiras casiñas cada unha coa súa propia personalidade. Esa singularidade, ese atractivo ten que ver co entorno natural aí existente.

**Que potencialidades en turismo rural lle ves ao Condado Paradanta?**

Sobre turismo en Galicia a maior parte das persoas pensan nas costas e o interior está un pouco máis esquecido. Así, esa zona en Crecente é pouco coñecida pero máis tranquila e virxe. Está pensado para a xente que busca desconectar, saír da aglomeración, centrarse no entorno natural. Iso é o que ofrece esa zona e o que ofrecemos co noso proxecto.

**Cómo tiveches coñecemento da GDR Condado Paradanta?**

A través dun amigo que móvese neses entornos. O proxecto o tiñamos en mente antes de coñecer o que é a GDR. Sabíamos que había ese tipo de fondos pero descoñecíamos cómo se contactaba. Unha vez feito o contacto entramos na convocatoria dos orzamentos LEADER 2014-2020 prorrogados ata 2023, que o GDR destina para eses proxectos. Obtendo o primeiro posto na adjudicación. Son fondos europeos para o desenvolvemento rural.

**Cómo pensas facer a difusión comunicativa do teu proxecto? Mais de cara a Portugal, Galicia, España?**

Sí, incluso tamén de cara ao exterior. Gústanos moito viaxar e coñecemos os gustos turísticos da xente e, sobre todo despois



da pandemia, notamos que búscase moita tranquilidade, espazos abertos para desfrutar. O proxecto préstase precisamente para o benestar persoal. No Condado Paradanta estase creando unha asociación de empresarios do sector Turístico como hostalería, axencias de viaxes, gastronómico ou vitivinícola, para desenvolver este tipo de proxectos de xeodestino e dar a coñecer a zona.

**Tes outras iniciativas en mente?**

Pensamos que este proxecto o podemos ampliar; no futuro estamos vendo a posibilidade de

rehabilitación doutras casas antigas que están na propiedade para incluílas no noso proxecto. **Este recoñecemento realza o protagonismo emprendedor das mulleres no mundo rural. Con anterioridade tiñas coñecemento de casos similares na zona que cres deberían ser igualmente tomados en conta?**

Non a través de coñecemento persoal pero si en canto ás tendencias que vimos estaban abrindo nese campo de emprendemento rural. E obviamente son iniciativas que apoio completamente.

**Bolboreta**  
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

**PN** Verónica Bastos

**POWER NUTRITION**

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power\_nutrition\_asesoramientos

**Gestor Ambiental y Técnico en Obras**  
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRANSMISIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasinga@hotmail.com

**ORGASERCO, S.L.**  
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abraldes Amil  
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87 abraldes@orgaserco.es

**GNS GALICIA NA SEÑORA**  
SAÚDE, SEGURIDADE E BENEFAN

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS  
Teléf. 886 155 506

## O PORRIÑO

## Reapertura da Praza de Abastos

As obras da primeira fase da reforma integral da Praza de Abastos do Porriño xa concluíron e os praceiros e praceiras volveron á veciñanza nos seus postos de venda.

A mellora atendeu unha antiga demanda de praceiros/as e usuarios/as, a renovación integral do pavimento e das instalacións de fontanería, saneamento e infraestrutura eléctrica, así como a incorporación de iluminación led e sistemas dixitalización. Traballouse tamén na reparación de danos estruturais que presentaba o edificio, tanto no interior como no exterior, mantendo sempre a esencia da obra de Xosé Bar Boo.

Esta só é a primeira interven-



ción dun proxecto de renovación global que afectará tamén á contorna, mellorando os espazos colindantes, reordenando a circulación, habilitando espazos de aparcamento e renovando a fachada.

Todo isto no marco dun proxecto conta cun orzamento de 231.000 euros financiados no 80% pola Xunta de Galicia a través da consellería de Economía, Industria e Innovación.

## Obras de ampliación do saneamento

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Vías e Obras, Ramón Porto, acompañados por persoal técnico do Consorcio de Augas do Louro, supervisaron as obras de ampliación da rede de saneamento que se están a executar na Rocha-Covelo.

Estes traballos estanse a realizar no marco dun proxecto do Consorcio de Augas do Louro que, cunha inversión de 314.000 euros, supoñerá a posta en funcionamento de máis de un kilómetro de canalización, dando servizo a 19 vivendas e preto de 70 usuarios, nas parroquias de Atios, Pontellas e Torneiros.

Proxéctanse 757 m de tuberías



de PVC, para o que será necesario executar 44 pozos de rexistro ademais da reposición do pavimento asfáltico, en total unha 7.746 m2 de pavimento bituminoso e 200 m2 de pavimento de

formigón. Ademais acometerase o recrecido de 12 arquetas e preto de 40 m de cuneta. Nesta actuación a Rocha-Covelo executaranse cinco acometidas e a renovación total do pavimento.

## "Educando en Positivo"



O Concello do Porriño, a través da súa concellería de Educación, que dirixe Carolina González, impulsa o programa "Educando en Positivo" para o desenvolvemento da intelixencia emocional e o coidado da saúde mental".

O programa desenvolverase os días 4, 11, 18 e 25 de abril no Centro Cultural do Porriño e consta dunha xornada informativa e tres obradoiros.

Por outra banda, o Centro Cultural do Porriño acolleu a segunda das III xornadas "Acom-

pañando na aventura de crecer", que nesta ocasión versou sobre a visión e atención. Co apoio do Concello e da man da optometrista Blanca Olmedo, familias e profesionas abordaron como a visión inflúe directamente no nivel de atención e no rendemento escolar. A última xornada será o vindeiro 19 de abril, a cargo da fisioterapeuta especialista en desenvolvemento infantil, Yolanda García. Baixo o título "O corpo e o movemento do/a neno/a como ferramenta para a súa aprendizaxe".

## Humanización urbana a través dos obradoiros de emprego

O Concello do Porriño presentou os proxectos cos que pretende obter de novo o financiamento da Xunta para a posta en marcha de dous obradoiros de emprego dos que se beneficiarán 36 persoas.

Tal e como explicou o alcalde, Alejandro Lorenzo, poñeranse en marcha do obradoiro dual de

emprego "O Porriño Humaniza" para formación en albalenería e urbanización e a de Albalenería e Pintura; e do Programa de emprego para persoas mozas "O Noso Encontro co Emprego", no marco do sistema nacional de Garantía Xuvenil. O orzamento total de ámbolos dous proxectos ascende a 940.653€.

## NUEVA PROMOCIÓN DE 40 VIVIENDAS EN LA ZONA ALTA DE PORRIÑO



PISOS DE 1, 2 Y 3 DORMITORIOS

inmonova

Telf. 647 420 321

Rúa Antonio Palacios, 40 - PORRIÑO  
www.inmonova.es

## LOURIÑA

## O PORRIÑO/MOS

## A Biblioteca lidera o ranking galego de visitas anuais

A Biblioteca Municipal do Porriño segue a liderar o ranking galego de usuarios e número de préstamos por habitante. O espazo ofrece tamén novos servizos como a recente inauguración da Sala de Estudo Municipal) e contidos dixitais (ebooks a través da plataforma Galiciale, películas na plataforma eFilm, implementación da nova app RBGalicia que inclúe o carné dixital)

Con respecto ao número de préstamos, nos dous últimos anos incrementouse nun 25%, prestando unha media de 2.374 exemplares ao mes, destacando meses como o pasado xaneiro onde se chegaron a prestar case 2700 exemplares. E con respecto ao 2006 anótase un espectacular incremento dun 17.222% no número de préstamos. A biblioteca porriñesa presta hoxe nun día case o



mesmo que no 2006 prestaba durante todo un mes.

Con respecto ao número de usuarios, a biblioteca porriñesa ten rexistrados a día de hoxe un total de 9.224 persoas usuarias, é dicir, case o 50% da poboación censada no concello. Un incremento

do 330% desde 2006 e unha cifra espectacular a nivel galego e español, que destaca aínda máis se sumamos o uso que fan da biblioteca porriñesa os cidadáns da contorna: un 30% do volume do servizo corresponde a cidadáns de Mos, Vigo, Ponteareas e Tui.

## Festa dos Callos e a Feira Apícola buscan selo de Interese Turístico

O Concello do Porriño iniciou tras celebrar pleno municipal os trámites necesarios para declarar a Festa dos Callos e a Feira Apícola Rías Baixas, dous emblemáticos eventos da localidade, como Festas de Interese Turístico de Galicia, en recoñecemento á súa importancia cultural, gastronómica e turística para a rexión.

A declaración de ámbalas dúas como Festa de Interese Turístico de Galicia non só recoñecerá o valor e a trascendencia desta festa para O Porriño, senón que tamén abriría novas oportunidades



para a súa promoción e difusión a nivel rexional e nacional. A

estas sumarase o trámite similar para á do Xogo da Ola.

## O emprendemento feminino alcanza o 62% dos proxectos do Polo



O secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, participou no evento Xestión financeira para persoas emprendedoras organizado desde o Polo de emprendemento e apoio ao emprego do Porriño. Alí, destacou que este centro inaugurado en novembro pasado leva asesorado uns 160

proxectos, dos que un 62% están impulsados por mulleres.

Entre eses proxectos, destacan os relacionados cos servizos, seguidos da hostalaría e das iniciativas que teñen que ver coa educación. Para o seu desenvolvemento, o persoal técnico do Polo realizou unhas 320 tutorías, tanto de xeito presencial como de forma telemática.

## A Xunta adxudica en Mos 3.400m<sup>2</sup> de solo empresarial

A Xunta, a través da empresa pública Xestur Galicia, adxudicou recentemente unha parcela de solo empresarial no parque da Veigadaña, para a instalación dun centro de inspección técnica de vehículos.

Os terreos teñen unha superficie de 3.420 metros cadrados e foron adxudicados polo Consello de Administración de Xestur por un importe de 554.040 euros, despois de aplicar xa unha bonificación do 30% sobre o prezo de venda da parcela.

## Mos aproba unha moción sobre a normativa dos galiñeiros

O Pleno de Mos aprobou por maioría a Moción do PP sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo, coa abstención do BNG e o voto en contra do PSOE.

Nesta moción instase ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen

as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.

**Bodas - Comunións**  
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404  
info@restaurantemanolo.es  
Antonio Palacios 101  
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

**Manolo**  
RESTAURANTE

## SALCEDA DE CASELAS

## Concello e FGF mellorarán o campo de Penedo Redondo

O Concello de Salceda vén de recibir o proxecto para a renovación do céspede do campo de fútbol do Penedo Redondo de mans da Federación Galega de Fútbol que sufraga a redacción do traballo na súa totalidade.

A Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, e o Presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, asinaron o convenio de colaboración o pasado 21 de febreiro no propio campo de fútbol do Penedo Redondo. Este convenio vén de materializarse coa entrega do proxecto básico e de execución do cambio de céspede do Penedo Redondo, que orzamenta esta obra en 233.930,92€, para os cales dende o Concello se está a traballar xa na búsqueda de cofinanciación.

Propónse a substitución da manta de céspede artificial existente por un novo céspede artificial sintético de última xeración.



Previamente, examinárase o estado da capa soporte e se se atopa en bo estado conservarase. Comprobaranse tamén as pendentes e o encharcamento da subbase e repararanse en caso de ser necesario. Instalarase un céspede de altura de fío 50mm sen base elástica directamente colocado sobre a base existente, e procederase á

marcaxe e sinalización de campos de fútbol 8 e fútbol 11, con idéntico material, seguindo criterios da Dirección Facultativa e regulamentación da RFEF. O proxecto contempla tamén a substitución das porterías tanto de fútbol 8 como de fútbol 11. Para a obra estipúlase un prazo de execución de 3 meses.

## Concello e Xunta exploran cofinanciamento

O pasado 7 de Marzo, a alcaldesa Loli Castiñeira e o concelleiro de deportes Marcos Troncoso, mantiveron unha xuntanza co Secretario Xeral para o Deporte en Galicia, José Ramón Leta Lasa para tratar o proxecto de substitución do céspede do Campo de Fútbol do Penedo Redondo.

A Federación Galega de Fútbol fixo entrega do proxecto ao Concello, valorando as obras nun total de 233.930,92€. O Concello busca agora vías de cofinanciamento, con intención de incluír parte do proxecto no Plan Más



Provincia da Deputación de Pontevedra e completar o investi-

mento coa aportación que poida facer a Xunta de Galicia.

## O "Rolo Xurisdiccional", un patrimonio salcedense

No Pazo Casa Grande de Picoña, por onde transita o "Camiño do Rollo", atópase o lugar onde se erixía o "Rolo Xurisdiccional" de Santa María de Salceda, unha columna de pedra que simbolizaba a autoridade administrativa e xurídica durante o Antigo Réxime en Galicia.

Salceda gozou de plena autonomía xurídica grazas ao recoñecemento real en 1591. Os cargos públicos eran elixidos pola veciñanza e tiñan autoridade xudicial. Estes rolos situábanse estratexicamente como advertencia e tamén se usaban para castigos públicos. Actualmente, só quedan tres en Galicia, lembrando un sistema de privilexios nobiliarios e eclesiásticos. Trala



aprobación dun Decreto das Cortes de Cádiz, de 26 de Maio de 1.813, ordenou demoler todos estes símbolos, polo que o "Rollo" ou "Rolo" situado seguramente neste "Camiño do Rollo" da Esfarrapada, desaparece en cumprimento desta Orde

## Alumnado do CEP Altamira visitou o Concello

O alumnado de 2º curso do CEP Altamira visitou diferentes instalacións municipais como a escola de música, a oficina da policía local e os seus vehículos, a biblioteca ou o salón de plenos. Tamén conversaron coa Alcaldesa Loli Castiñeira, aportando ideas moi interesantes para o Concello.



## Obras na PO/16

A Deputación de Pontevedra vén de publicar no BOPPO a resolución pola que se acorda realizar o pagamento do xustiprezo do xurado para as obras do proxecto clave PO/16/105.06 do Concello de Salceda.

Para proceder ao pagamento,

as persoas titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos dez (10) días hábiles, no que todas as persoas propietarias figuren conxuntamente como titulares.

**Mesón da Lamprea**

Angulas - Cordero - Vinos cosecha propia

Tif: 986 665 489 - 986 665 153

CABEIRAS - ARBO

**BIMCA**

ALMACENES MINHOFERSA, S.L.

ELECTRICIDAD - FERRETERÍA - ELECTRODOMÉSTICOS  
SANITARIOS - MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

Tel. 986 653 514 - bimeca@bimeca.com - www.bimca.com

Rúa Rosalía de Castro, 99 - SALVATERRA DE MIÑO (Pontevedra)

**A BROA**

CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas

Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:

Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951

Salvaterra de Miño

C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

## En marcha a Eurocidade do Miño

O Pleno do Concello da Cañiza aprobou o protocolo de Cooperación para a posta en marcha do proceso de creación da "Eurocidade do Miño", quinta eurocidade da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, conformado polos Concellos da Cañiza, As Neves, Arbo, Melgaço e Crecente.

O Alcalde Luis Piña explicou que logo de ter aprobado o Protocolo e as directrices xurídicas establecidas por España e Portugal, o Acordo será remitido á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia para que informe e emita proposta dirixida ao Ministerio de Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España, para a súa validación por tratarse



dun marco internacional.

Ao remate deste procedemento, dará lugar a constitución do Mandato que contará cunha directiva integrada por Presidente, Vicepresidente e órganos de dirección

nas que os Alcaldes irán ocupando os cargos de xeito rotativo e por orden alfabético. O primeiro presidente rotativo será o rexedor da Cámara de Melgaço, Manoel Batista.

## Ana Miranda en Uruguai e Arxentina

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, mantivo un encontro co expresidente de Uruguai, Pepe Mujica, no marco das xornadas de traballo desenvolvidas en Bos Aires e Montevideo, que incluíron reunións coas colectividade galegas e coa xuíza Servini a razón da Querela Arxentina contra os crimes do franquismo.

No encontro mantido con Mujica, -no que tamén participou a exvicepresidenta de Uruguai, Lucía Topolansky-, Miranda trasladou ao expresidente o agradecemento de parte da Portavoz Nacional do BNG polo seu apoio continuo. Criticaron tamén o bloqueo de axuda humanitaria por parte de Israel no paso fronteirizo de Rafah.

Así mesmo a eurodeputada galega fixo un chamamento para evitar a perda dun patrimonio tan relevante como é o panteón,



pertencente á Casa de Galicia de Montevideo. Na capital uruguia mantivo reunións co Padroado da Cultura Galega e a Casa de Galicia.

En Bos Aires visitou o Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, así como o Centro Galicia e a Federación de Asociacións Galegas

de Arxentina, entidades coas que xa se reuniu nos días previos. Por outro lado, a eurodeputada do Bloque tamén se reuniu co Consello de Residentes Españois (CRE), dependente do Consello Xeral da Emigración, que lle trasladou diferentes peticións para o BNG no Congreso

## TSXG: "O Polígono de Chan da Ponte é municipal"

Mediante sentenza emitida o 2 de abril, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) afirma o carácter municipal do Polígono Industrial Chan da Ponte, estimando así o recurso de casación interposto polo Concello de Salvaterra a través da súa asesoría xurídica fronte ás demandas da Comunidade de Montes Veciñais En Man Común (CCMM) de propiedade dunha parcela.

En 2020 a CCMM de Salvaterra tramitara a denuncia formal ao Concello pola parcela de Bouza do Viso en Chan da Ponte, o cal creou confusión e incertidume

para os empresarios deste polígono. En xuño de 2022 a xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº3 de Ponteareas ditou sentenza desestimando integramente a demanda interposta pola CCMM, alegando a falta de prova do aproveitamento e a imposibilidade de determinar a extensión, límites, situación do monte Chan da Ponte e a necesaria acreditación do uso inmemorial da parcela polos veciños da parroquia de San Lorenzo. Esta sentenza foi igualmente ratificada en abril de 2023 pola Sección Terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra.

## O PP reclama atención á A-55 e gratuidade na AP-9

Dende Tameiga, a presidenta da xunta directiva do PP de Vigo, Ana Ortiz; a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Luisa Sánchez; o voceiro do grupo municipal no Concello olívico, Miguel Martín; a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo; e o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo reclamaron ao Goberno de Pedro Sánchez unha reforma inmediata e integral e un digno mantemento da autovía A-55, que volve presentar un estado moi deteriorado só un ano e medio despois dos últimos arranxos acometidos do seu firme.

A A-55 acumula 9.000 accidentes de tráfico e 4.500 feridos en 30 anos. Diariamente con-

centra máis de 65.000 vehículos, sendo a vía alternativa máis usada para o tráfico pesado para os polígonos industriais en dirección á Zona Portuaria de Vigo e resto de Galicia. Así, o PP avoga por implantar a gratuidade da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño mentres non se constrúe a alternativa en túnel proposta polo Partido Popular en 2018, sendo Mariano Rajoy presidente do Goberno. Unha opción que denuncian está conxelada pola renuncia de Pedro Sánchez a presentar Orzamentos Xerais do Estado en 2024 tras a convocatoria electoral en Cataluña. Tamén esixiron melloras en once estradas provinciais que suman 317,5 quilómetros.

Máis información na nosa web

[www.novasdоеixoatlantico.com](http://www.novasdоеixoatlantico.com)

Servizos técnicos forestais e obra do rural

**Xirela**

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071

**CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS**

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A  
36860 PONTEAREAS  
info@cvpontareas.es

© 886 21 61 51  
URX. 603 61 02 23